

## DECRETO

Ilmo. Sr. Don Miguel Fernández Méndez, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Transición Ecolóxica do Excmo. Concello de Lugo.

**Asunto: Inicio do procedemento de 3ª convocatoria pública de outorgamento das autorizacións habilitantes para a ocupación e uso dos hortos urbanos municipais situados no Parque de Paxariños. Ano 2024.**

Visto o informe-proposta do Servizo de Medio Ambiente, que na súa parte expositiva é do teor literal seguinte:

### “ANTECEDENTES

1.- O Excmo. Concello Pleno, en sesión ordinaria do 30 de novembro de 2017, adoptou, entre outros, o acordo número 1/222 relativo á toma de razón da aprobación definitiva da Ordenanza municipal reguladora dos hortos urbanos, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do 29 de decembro de 2017.

2. O Decreto núm. 7935/2021 do libro de resolucións, do 28/09/2021, aprobou a 2ª convocatoria e as bases do procedemento que rexiu a adxudicación ás persoas solicitantes da autorización para a ocupación e uso de hortos urbanos no Parque de Paxariños.

3. A Xunta de Goberno Local, mediante o Acordo núm. 15/367 adoptado en sesión ordinaria do 22/06/2022, aprobou a listaxe definitiva de adxudicatarios dos hortos urbanos conforme ao seguinte cadro:

Nº de Orde	Apelidos e nome	DNI	Horto nº
1	Fontenla Figueroa, Cristina	***1415**	30
2	Sánchez Rausch, Fernando Gabriel	***2439**	26
3	Bichara, Amal	****1892*	1
4	Mouronte Gandoy, María del Carmen	***2139**	28
5	Ventosinos López, Carmen Olga	***2338**	15
6	Mayo Molinero, Ángela	***6913**	14
7	Raquel Ruiz Camuñas	***3047**	8
8	Chen, Ai Wei	****6587*	2
9	Chen, Shuangyin	****4469*	3
10	Mazi, Abdelkhalak	****7168*	12

**Medioambiente**

MANF/cl

Refª: ispac6911568633529950948.doc

Asunto:

11	Nazih, Atika	****0832*	17
12	Espiño Meilán, María Jesús	***3826**	16
13	Halloumi, Said	****1564*	18
14	Giráldez López, Antonio	***5992**	24
15	Prado Conde, Adrián	***0476**	19
16	Ahmed Alnasser, Awad	****0869*	20
17	Hamrich Karima	****4895*	21
18	Santín Digón, Mario	***8097**	9
19	Pérez Cedrón, Vanessa	***4390**	29
20	Aira Fernández, Teolindo	***6746**	5
21	Gómez Sampayo, Jorge	***3280**	4
22	Arias López, Marta	***3379**	6
23	Román López, Yeraí	***2128**	23
24	Corbelle Corral, Fernando	***1392**	13
25	Sun, Caili	****4571*	7

**CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS**

**Primeira.-** Conforme ao establecido no Artigo 10 do Título II da Ordenanza municipal reguladora dos hortos urbanos publicada no BOP de Lugo do 29 de decembro de 2017, a vixencia das autorizacións serán en todo caso temporais, de dous anos vexetativos.

**Segunda.-** A dita Ordenanza municipal reguladora dos hortos urbanos establece no artigo 13 as causas de extinción das autorizacións e perda da condición de persoa usuaria, de xeito que sinala que as autorizacións que o Concello conceda para a adjudicación dos hortos, extinguíranse, tras o expediente instruído para o efecto, polas causas seguintes:

- a) Polo vencemento do prazo.  
(...)
- e) Por mutuo acordo.  
(...)
- i) Por caducidade.

**Terceira.-** Dado que o procedemento de adxudicación de hortos pode ter unha tramitación dilatada no tempo (prazo amplo para a presentación de solicitudes, necesidade da súa corrección, valoración dos méritos, publicación provisional, acordo en Xunta de Goberno Local, etc ) considero necesario iniciar o procedemento de convocatoria co obxecto de dispoñer dunha nova listaxe de persoas adxudicatarias á finalización das autorizacións de uso procedentes da convocatoria realizada no ano 2021, actualmente en vigor.”

No uso das atribucións conferidas á Alcaldesa no artigo 124.4.ñ da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; e en virtude da delegación no Tenente de Alcalde Delegado da Área establecida no Decreto 464/2024 do 19 de xaneiro de 2024, e de conformidade coa proposta da Xefa do Servizo de Medio Ambiente,

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** Iniciar o procedemento de convocatoria pública de outorgamento das autorizacións habilitantes para a ocupación e uso dos 32 hortos urbanos municipais situados no Parque de Paxariños. 3ª Convocatoria. Ano 2024.

**SEGUNDO:** Comunicar aos adxudicatarios actuais dos hortos conforme á convocatoria do ano 2021 o inicio deste novo procedemento así como a obriga de devolver os hortos en condicións análogas ás que tiñan cando foron cedidos á persoa adxudicataria. (Artigo 31. Restauración ao estado de orixe da Ordenanza municipal reguladora de hortos urbanos.)

**TERCEIRO:** Esta resolución non pon fin á vía administrativa, dado que se trata dun acto de trámite.

Así mesmo déase traslado ás dependencias e servizos municipais afectados. Cúmprase.